



A poeta e video creadora **Miriam Reyes** naceu en 1974 en Ourense, pero aos oito anos emigrou cos seus pais a Caracas. Estudou Letras na Universidade Central de Venezuela e, máis tarde de volta na Península, licenciouse en Filoloxía Hispánica pola Universitat de Barcelona.

Publicou os libros de poesía: *Espejo negro* (2001), *Bella durmiente* (2004), *Desalijos* (2008), *Yo, interior, cuerpo (Antología poética)* (Arxentina, 2013), *Haz lo que te digo* (2015) e *Prensado en frío* (2016), a carón de dous títulos que viron a luz en tradución ao portugués e ao italiano. Así mesmo editou e traduciu -para o Fondo de Cultura Económica- a antoloxía de poesía galega *Punto de ebullición* (2015), ademais de verter para o castelán poetas portugueses, galegos e cataláns contemporáneos.

Foi bolseira de creación na mítica Residencia de Estudiantes de Madrid entre os anos 2004-2005, e da Fundación Roquissar de Mallorca en 2013. Ten sido incluída en antoloxías estatais e internacionais, e mantén a páxina de escrita colectiva *Prensándonos en frío*. Desde o ano 2001 experimenta coa escritura audiovisual e mais o recital multimedia.

*en aquel momento no perdí la inocencia
sino la idea de continuidad
esperar que las series de números
siguieran una progresión lógica*

*perdí mi nombre las algas
partes imprescindibles de otros cuerpos
por ejemplo el lóbulo de una oreja
tres pares de piernas en el sofá
con sus tres cálidos cuellos
y el hedor de los cerdos
aparcados en la esquina*

*también esa esquina y todas las demás
hasta perder la ciudad y más allá de la ciudad
donde el camino llevaba a la montaña
y olía a quemado*

*perdí crecer y reproducirme
hablar en voz alta
el punto de articulación
todo el amor y la posibilidad
de decir lo que pensaba*

Poetas Di(n)versos 2018



(MIRIAM
REYES)

Luns **04** de xuño
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Celia Parra





Celia Parra (Ourense, 1990) é poeta e produtora. Licenciada en Comunicación Audiovisual e Máster en Producción e Xestión Audiovisual, traballa para varias produtoras e especialízase en videopoesía como investigadora, docente e creadora. Os seus videopoemas teñen sido premiados e seleccionados en diversos certames de Europa, Estados Unidos e América Latina. Alén diso, é impulsora e produtora executiva de Versogramas, considerado o primeiro documental sobre o panorama internacional da videopoesía.

Como poeta, publicou en 2009 o seu primeiro poemario, *No berce das mareas*, Premio Avelina Valladares. Froito da experimentación coa poesía híbrida, seguiríanlle no 2012 *RE(C)verso*, un CD autoeditado de audiopoesía e, no 2013, *Poemario Culinario*, un recetario de poemas e fotografías servidas en formato web.

A súa obra poética viu a luz en revistas como *Dorna*, *Luzes*, *Oculto Lit* e xornais como *O Salto Galiza*. Forma parte das referenciais antoloxías da última poesía galega *No seu desprezar* (2016) e *13. Antoloxía da poesía galega próxima* (2017, en edición bilingüe galego-castelán), e actualmente traballa no que será o seu segundo poemario.

ABRASIÓN

*Todo ocorreu sen levantar sospeitas
no padal un presaxio
no espello
a escisión de ti contigo
aquela que eras
mírate cos ollos devorados pola couza*

*Ferves en sinónimos
coreografías plans de fuga
pero tes as cadeiras
ancoradas no adverbio*

*Así caladamente
a cadencia da derrota
erosiona as vértebras*

*Así o tempo
crepita
baixo os pés*

*A parálise
é a peor das abrasións.*

Poetas Di(n)versos 2018



(CELIA
PARRA)

Luns **04** de xuño
20:30

ÁGORA

www.centroagora.es



Miriam Reyes

